

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

20140 *Lei 44/2010, do 30 de decembro, de augas canarias.*

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos trinta anos presentáronse, polo menos, 40 iniciativas parlamentarias sobre a delimitación das augas canarias; desde preguntas escritas e orais a comparecencias, mocións e interpelacións, na súa maioría impulsadas polo senador canario Victoriano Ríos, que mesmo presentou a primeira das dúas proposicións de lei sobre este mesmo tema no ano 2003. Malia seren tomadas en consideración, decaeron ao termo das dúas últimas lexislaturas.

Este é un tema de extraordinaria importancia tanto para Canarias como para o Estado español, que non pode seguir dilatándose sen prexuízo, especialmente, de todos os canarios, que teñen dereito a que as augas estean claramente perfiladas, por razóns de moi variado tipo que afectan, sobre todo, a seguridade, a protección ambiental e os recursos das ditas augas.

O artigo 132.2 da Constitución considera ben de dominio público estatal tanto o mar territorial como os recursos naturais da zona económica exclusiva, o que vén significar a competencia do Estado para a súa delimitación, de acordo coas normas de dereito internacional que regulen a materia.

Pola súa vez, o artigo 147.2.b) da Constitución establece como contido necesario dos estatutos de autonomía a delimitación do territorio da comunidade autónoma, xa que este será límite á eficacia das súas normas e ao exercicio das súas competencias.

En desenvolvemento desas prescricións constitucionais, o artigo 2 do Estatuto de autonomía de Canarias, na redacción dada pola modificación operada pola Lei orgánica 4/1996, do 30 de decembro, prescribese que o «ámbito territorial da Comunidade Autónoma comprende o Arquipélago Canario, integrado polas sete illas de El Hierro, Fuerteventura, Gran Canaria, La Gomera, Lanzarote, La Palma e Tenerife, así como as illas de Alegranza, La Graciosa, Lobos, Montaña Clara, Roque del Este e Roque del Oeste».

Ese ámbito territorial está incompleto sen a delimitación das augas incluídas no concepto arquipeláxico que introduce o referido artigo 2 do Estatuto de autonomía, que engloba os espazos terrestres e marítimos de Canarias.

Artigo único. *Augas canarias.*

1. Entre os puntos extremos máis saíntes das illas e illotes que integran, segundo o artigo 2 do seu Estatuto de autonomía, o Arquipélago Canario, trazarase un contorno perimetral que siga a configuración xeral do arquipélago, tal como se establece no anexo desta lei. As augas que queden integradas dentro deste contorno perimetral recibirán a denominación de augas canarias e constitúen o especial ámbito marítimo da Comunidade Autónoma de Canarias.

2. O exercicio das competencias estatais ou autonómicas sobre as augas canarias e, de ser o caso, sobre os restantes espazos marítimos que rodean as Canarias sobre os que o Estado español exerza soberanía ou xurisdición realizarase tendo en conta a distribución material de competencias establecidas constitucional e estatutariamente tanto para os ditos espazos como para os terrestres.

Disposición adicional única. *Respecto ao dereito internacional.*

O trazado do contorno perimetral non alterará a delimitación dos espazos marítimos das Illas Canarias tal e como están establecidos polo ordenamento xurídico español en virtude do dereito internacional vixente.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno, logo de informe do Goberno de Canarias, para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de decembro de 2010

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Os puntos extremos das illas ou illotes que integran o Arquipélago Canario, para determinar as liñas de base rectas de maneira que o perímetro resultante siga a configuración arquipeláxica, mencionados no artigo único desta lei, son os seguintes:

	Latitude N	Lonxitude W
* 1. De Punta Delgada (Alegranza)	29° 24', 10	13° 29', 40
a Roque del Este	29° 16', 50	13° 20', 00
2. De Roque del Este a Punta de Tierra Negra	29° 01', 50	13° 27', 80
3. De Punta de Tierra Negra a (4) Punta de las Borriquillas . .	28° 16', 20	13° 53', 80
5. De Punta Entallada (Lantailla)	28° 13', 80	13° 56', 00
a Punta del Matorral	28° 02', 50	14° 19', 50
6. De Punta del Matorral a (7) Punta de Maspalomas (GC) . .	27° 44', 00	15° 35', 00
8. De Punta de Arguineguín	27° 44', 50	15° 40', 10
a Punta de la Rasca (TF)	28° 00', 00	16° 41', 60
9. De Punta de la Rasca a Punta de Los Saltos (EH)	27° 38', 00	17° 59', 00
10. De Punta de Los Saltos a Punta de La Orchilla	27° 42', 50	18° 09', 80
11. De Punta de La Orchilla a Punta del Verodal	27° 45', 60	18° 09', 30
12. De Punta del Verodal a Punta Gutiérrez (LP)	28° 46', 50	18° 00', 50
13. De Punta Gutiérrez a Punta de Vallero	28° 49', 60	17° 57', 60
14. De Punta de Vallero a Punta de Juan Adalid	28° 51', 10	17° 55', 00
15. De Punta de Juan Adalid a Punta Cumplida	28° 50', 10	17° 46', 80
16. De Punta Cumplida a Roque de Fuera (Anaga. TF)	28° 35', 80	16° 09', 50
17. De Roque de Fuera a Morro de La Vieja (Isleta. GC)	28° 10', 60	15° 24', 50
18. De Morro de La Vieja a Punta de la Ensenada (LZ)	29° 02', 00	13° 49', 00
19. De Punta de la Ensenada a Punta Grieta (Alegranza)	29° 24', 50	13° 31', 50
20. De Punta Grieta a Punta Delgada (Alegranza)	29° 24', 10	13° 29', 40

* Punto de partida e de peche da configuración: Alegranza.

Abreviaturas:

GC: Gran Canaria.

TF: Tenerife.

EH: El Hierro.


LP: La Palma.

LZ: Lanzarote.

As coordenadas xeográficas foron tomadas da carta náutica española 209, edición-denominación: Illas Canarias; data de edición: Cádiz 1958, actualización: xullo 1992.

ANEXO II

Achégase mapa do Arquipélago Canario segundo indica o artigo único e o anexo I da proposición de Lei de augas canarias.



L. 21 de 2009 en vigor